



Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo

Casa do Deporte - oficina 21 – Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17 – 36209 Vigo
986 221 500 · Fax 986 441 216 · secretaria@vigoatletismo.es



REGULAMENTO

1. A Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo, có patrocinio do **Concello de Vigo**, **El Corte Inglés**, e a **Deputación de Pontevedra**, organiza o **51º GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL (CARREIRA DO PAVO 2012) – TROFEO EL CORTE INGLÉS**, a disputar o **23 de decembro** en Vigo, baixo o control técnico do Comité Galego de Xuíces.

2. As carreiras disputaranse no circuíto urbano da Praza de Compostela e arredores, co seguinte programa:

Hora	Categoría	Voltas	Distancia
10:30	Benxamín, ambos sexos (Nacidos nos anos 2004 - 2005)	1 pequena	713 m
10:40	Alevín, ambos sexos (Nacidos nos anos 2002 - 2003)	2 pequenas	1363 m
10:50	Infantil, ambos sexos (Nacidos nos anos 2000 - 2001)	3 pequenas	2013 m
11:05	Cadete, ambos sexos (Nacidos nos anos 1998 - 1999)	1 pequena + 1 grande	2763 m
11:25	Xuvenil / Júnior / Vet. feminina (Nacidos nos anos 1996 - 1997 e 1994 - 1995 / 35 anos cumpridos ou mais)	2 grandes	4163 m
12:00	Xuvenil / Júnior / Vet. masculina (Nacidos nos anos 1996 - 1997 e 1994 - 1995 / 35 anos cumpridos ou mais)	3 grandes	6213 m
12:40	Promesa / Sénior feminina (Nacidas nos anos 1991 - 1992 - 1993 / 1990 e anteriores)	3 grandes	6213 m
13:10	Promesa / Sénior masculina (Nacidos nos anos 1991 - 1992 - 1993 / 1990 e anteriores)	4 grandes	8263 m

As distancias complétanse con unha cola de saída de 63 m

Os atletas veteranos poderán competir na carreira Promesa/ Sénior especificándoo na inscrición e non haberá premios para a categoría de veterano nesa carreira.

3. Poderán participar cantas persoas o desexen estean ou non federadas. Non poderán participar atletas españois con axuda económica da RFEA nin atletas extranxeiros que houbesen realizado unha marca igual ou mellor que a que se indica no seguinte cadro durante a presente tempada ou as 2 anteriores:

	800m	1500m	3000m	5000m	10000m	3000m obs	10km ruta	Medio Maratón	Maratón
Homes	1:48,50	3:42,00	8:10,00	13:45,00	28:50,00	8:50,00	29:10	1:03:00	2:12:00
Mulleres	2:05,00	4:17,00	9:30,00	15:55,00	33:50,00	10:25,00	33:50	1:13:30	2:34:00



Delegación en Vigo da Federación Galega de Atletismo

Casa do Deporte - oficina 21 – Rúa Fotógrafo Luis Ksado 17 – 36209 Vigo
986 221 500 · Fax 986 441 216 · secretaria@vigoatletismo.es



Salvo os atletas que teñan licenza federativa pola FGA.

O prazo para a inscrición péchase o día **20 de decembro ás 21 horas**.

As inscricións farán constar: **DNI** (xuvenil e maiores), nome e apelidos, ano de nacemento, equipo e nº de licenza no caso de atletas federados.

Formalizaranse no **Departamento de Deportes 6ª planta de El Corte Inglés**. Ou en **Deportes Athletics** (Avenida de Balaídos 41, Vigo). Ou no formulario web dispoñible en **atletismogalego.com**.



http://fgatletismo.es/inscripciones/inscripcion_20121223.html

As inscricións de categoría júnior e maiores terán unha **cota de 3 €**. Parte dese importe será doado á *Asociación de Bulimia y Anorexia de Pontevedra*.

4. Os atletas participarán cos dorsais que se entregarán unha hora antes do comezo do programa na Secretaría da Competición, situada no «Mesón Compostela», na mesma Praza de Compostela.

5. Concederanse trofeos ao primeiro clasificado e lotes de produtos do Nadal aos tres primeiros por cada categoría e sexo. Establécense ademais os seguintes premios para as carreiras Promesa/Señor en ambos sexos: un pavo á gañadora e gañador, así como os premios en metálico

da carreira masculina:

1º 300 €, 2º 200 €, 3º 150 €

e da carreira feminina:

1ª 300 €, 2ª 200 €, 3ª 150 €

6. Esta proba forma parte do circuíto Cidade de Vigo de Carreiras Populares.

7. Todo o non previsto neste regulamente se resolvera de acordo co Manual da IAAF ou reglamentación da RFEA en vigor.

Vº Bº

A Delegación en Vigo da FGA

Jesús Martínez Rodal
Presidente

Mar García López
Secretaría